




**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ria de Pontevedra. Municipio: Sanxenxo. Parroquias: de oeste a este San Xenxo de Padriñán, San Pedro de Bordóns e San Xoán de Dorrón. Extensión: 3,37km<sup>2</sup>.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Unidade de costa mixta con cantís e depósitos sedimentarios. Destacan os arcos areosos das praias de Nanín e Areas esta última cun interesante cordón dunar traseiro no seu extremo sur. As puntas e saíntes costeiros situados nos marxes da unidade e na separación dos areais son tramos cantís baixos. O val interior presenta un perfil regular de pendente moderada polo que discorren os regatos de Dorrón e Bordóns. Con todo, a media ladeira prodúcese unha brusca ruptura de pendente entre o val e a vertente meridional do monte Chan da Garita, elevación granítica situada a máis de 250m snm que establece o peche norte da unidade.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade atópase de maneira total dentro do dominio dos granitoides con afinidade calcoalcalina, sendo as granodioritas con megacristais de feldespato as máis abundantes, aínda que tamén se atopan microgranodioritas e cuarzdioritas no extremo sueste da unidade. Sobre elas é posible observar bandas de rochas sedimentarias do tipo de paragneises e micaxistos, de Idade Precámbrico-Silúrica; e no medio destas bandas, cando foron desmanteladas, xorden granitos de feldespato alcalino. Os únicos depósitos cuaternarios localízanse nas áreas de praia de Areas.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Vertente costeira incluída no dominio climático Cálido e Húmido. A temperatura media anual supera os 14°C e a oscilación térmica rolda os 13°C. As precipitacións medias alcanzan valores entre 1200mm e 1400mm ao ano, aínda que na súa cabeceira, no alto de Goría, son algo maiores chegando a 1600mm (ambiente Cálido e Moi Húmido).

#### OS SOLOS

As praias de Nanín e de Areas forman senllos complexos sedimentarios nos que se localizan os areosos da unidade. O val no seu tramo máis próximo á costa carece de pendentes acusadas polo que se desenvolven chans do tipo cambisol dístrico que soportan unha intensa explotación agrícola. Ao norte da unidade prodúcese un cambio de pendente no contacto do val inferior coas ladeiras do monte Chan de Gorita, a partir do cal os chans adquiren menos espesor, son máis pobres e teñen usos principalmente forestais. É A área dos umbrisois dístrico-lépticos e os regosois.


#### AS AUGAS

O Pequeno anfiteatro que forma a unidade queda seccionado en dúas subconcas hidrográficas. Ao oeste destaca o regato de Bordóns, que chega á praia de Nanín. Ao leste, o regato de Dorrón, que recibe o achegue hídrico do regato de Sear, desemboca na praia de Areas, chegando á masa de Augas Costeiras 20161.

#### O PATRIMONIO NATURAL

Unidade sedimentaria con plataformas rochosas e pequenos cantís nas puntas de Barreiros, Sartaxes e Festiñazo. Existen potencialidades, en toda a fronte costeira, para o hábitat 1210, vexetación anual sobre refugallo mariños acumulados e para os 1110 e 1140, como bancos areosos intermareais e submareais someiros. A Praia de Areas presenta un sector dunar cos hábitats do grupo 21, dunas marítimas atlánticas. O dominio forestal das partes altas, dende as propias zonas de cultivos herbáceos, non ofrece posibilidades de hábitats autóctonos nesta zona. A presión agrícola e construtiva non ofrece tampouco moitas potencialidades para os valores ecolóxicos nas vertentes máis baixas, aínda que os Regos de Donón e Sear presentan algunhas masas que non obviaremos. Por exemplo, a existente na súa desembocadura, ou a máis importante, a existente en unión dos dous regatos, tralo núcleo de Areas. Hai que apuntar o carácter mixto desta masa e doutras máis pequenas de recolonización.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

A fronte costeira está ocupada por vivendas de tipo unifamiliar usadas como primeira e segunda residencia, edificacións de tipo hostaleiro e hostaleiro, todas estas construcións están orientadas á explotación turística aproveitando a proximidade de núcleos de referencia neste sector e sobre todo a existencia da praia de Areas como enclave máis nesta unidade. Existen bancos marisqueiros de moluscos bivalvos nos areais das praias. A estrada que bordea o litoral acolle a maior concentración de asentamentos de uso residencial, esta densidade vaixe perdendo cara ao interior, onde aínda se conservan construcións tradicionais vinculadas co parcelario agrícola. Destaca o cultivo da vide, sobre todo a uva da variedade "albariño". Nas cotas máis elevadas obsérvanse algunhas masas de frondosas autóctonas mesturadas con eucaliptos procedentes de repoboación, así como pequenas masas de arboredo repartidas por toda a superficie.

#### MORFOLOXÍA

A estrada PO-308 e os accesos ás praias acollen edificacións hostaleiras e dedicadas á hostalería, así como asentamentos de tipo espontáneo, no seu maioría vivendas unifamiliares que presentan gran variedade tipolóxica. Pequenos e medianos volumes alternanse ocupando a fronte costeira buscando os mellores accesos á praia e as vistas á ría. Outras vivendas de recente construción e de similares características sitúanse espaxadas polo interior nunha contorna máis rural, desprazando o cultivo agrícola polo uso residencial. As edificacións máis compactas e de maior volume preséntanse nas novas urbanizacións, como as de Areas e Festiñazo. Destaca a presenza de núcleos rurais que conservan elementos patrimoniais e o carácter tradicional, como son os de Chandevila e Sear en Bordóns e o de Outeiro en Dorrón.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A PO-308 é a estrada principal que enlaza as diferentes poboacións bordeando esta marxe da ría de Pontevedra. A rede secundaria constitúena varios viais que enlazan os asentamentos e núcleos de carácter rural, como son a PO-9201 e a 9202. Outras pistas e camiños de menor entidade estruturan os espazos creados polo chan agrícola e forestal. Destacar a aparición de novos viais que acompañan ao proceso de urbanización que se desenvolveu na zona, máis anchos e dotados con servizos que confiren maior funcionalidade, pero incoherentes coa rede de camiños existente.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

Do patrimonio cultural destacar a arquitectura civil e relixiosa nos núcleos que aínda conservan o carácter tradicional. A igrexa e a casa reitoral de San Pedro de Bordóns e o cruceiro de Palma. Ou o conxunto de casa e hórreo de Sear. Os numerosos muíños repartidos polos regatos da unidade, como son o muíño de Outeiro, de Quintáns e o muíño da Costa.

## O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A praia de Areas é o elemento integrador fundamental desta paisaxe, ademais do seu alto valor ecolóxico, actúa como un enclave con forte atracción turística, a rede viaria acolle numerosos asentamentos e establecementos hostaleiros e de hostalería ao redor do areal, constituíndose desta maneira o puntal sobre o que se apoia a actividade socioeconómica da unidade. A paisaxe que ofrece a fachada costeira contrasta coa zona interior de marcado carácter rural. A existencia dun extenso parcelario agrícola nunha contorna eminentemente turística, que experimentou un gran crecemento urbano, enténdese pola presenza de núcleos rurais que conservan o carácter tradicional como Chandevila e Sear na parroquia de Bordóns ou o de Outeiro en Dorrón, este último situado de forma moi concentrada sobre un promontorio, proporciona un enclave pintoresco e singular á unidade.

## DINÁMICA DA PAISAXE

Os maiores cambios na dinámica desta paisaxe obsérvanse na franxa costeira, a máis intensa degradación produciuse no areal da praia de Areas, o trazado da estrada PO-308 fragmentou este espazo natural favorecendo a aparición de asentamentos sobre o sistema dunar, alterando o potencial ecolóxico desta paraxe. A fachada litoral de maior interese dende o punto de vista turístico motivou o despegue económico da unidade grazas ao auxe deste sector e o conseqüente desenvolvemento urbanístico que propiciou a ocupación da franxa litoral en detrimento do cultivo agrícola. O interior da unidade mantén certa estabilidade que se pode apreciar en núcleos que conservan o carácter tradicional como Outeiro, Sear e Chandevila, a non ser pola ampliación e mellora da rede viaria existente e os asentamentos que se situaron nos marxes destas estradas. En xeral destaca o progresivo abandono do chan agrícola en favor de construcións de uso residencial, en contrapunto as zonas máis elevadas presentan un crecemento da masa arbórea.

## RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

## 3. AVALIACIÓN

### VALORACIÓN DA PAISAXE

A praia de Areas constitúe xunto con Punta Festiñanzo e outras plataformas rochosas do litoral o sinal de identidade desta unidade Dende o punto de vista paisaxístico. O valor ecolóxico vén dado polas propias plataformas rochosas nas puntas de Barreiros, Sartaxes e de Festiñanzo e a presenza de bancos areosos intermareais e submareais someiros, así como o sector dunar da praia de Areas incluído no hábitat das dunas marítimas atlánticas. Os núcleos rurais de Outeiro, Sear e Chandevila conservan elementos tradicionais e do patrimonio cultural que en conxunción co parcelario agrícola incorporan un carácter rural á unidade e converte estes enclaves en lugares pintorescos e de singular beleza. O suave relevo e a lixeira pendente permiten conexións visuais entre a costa e o interior. Dende a plataforma rochosa da praia de Areas ofrécese unha ampla panorámica da ría de Pontevedra.



## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCIÓNNS



















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo

- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales                               |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantís / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

#### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros




#### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

#### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

#### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

#### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

#### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



